



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **26 de setembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE MAQUINARIA CON E SEN MAQUINISTA, PARA REPARACIÓN DE INFRESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 70983/250

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/09/14, da xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de setembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Proposta de clasificación

a) *Procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos (expediente 70983-250)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-08-2016, 07-08-2014, 09-09-2014 e 19-09-2014 e dos informes do xefe do servizo de Vías e obras de data 07-08-2014 de do xefe da área de Fomento de datas 04-09-2014 e 12-09-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos" (expediente 70983-250), no seguinte orde decrecente:

1. **CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAS, S.A.**
2. **PETROLAM A VEIGA, S.L.**
3. **NARON, S.L.**
4. **VALE, S.L.**
5. **FELSA, S.L.U.**
6. **ORESA, S.L.**

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil.*

- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 714,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e seis de setembro do ano dous mil catorce.

S

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



Abel Caballero Álvarez